

PADRIÑOS E MADRIÑAS DE AULA

O padriño ou madriña de aula é un proxecto a longo prazo, no cal, paulatinamente, cada unha das aulas do centro irá adoptando o nome dun escritor ou escritora en lingua galega.

A vida e obra do autor ou autora será obxecto de estudo de todos os alumnos e alumnas, sendo deste xeito, un referente literario e humano para o alumnado que ocupe este espazo. No último trimestre, realizarase o acto de apadriñamento contando coa visita do autor ou autora no centro.

As aulas apadriñadas e amadriñadas ata agora son:

6ºEP con Xosé Neira Vilas

5ºEP con Marilar Aleixandre

4ºEP con Fran Alonso

3ºEP con Antonio García Teijeiro

2ºEP con Paula Carballeira

5ºEI con Fina Casalderrey

O curso pasado ía ser apadriñada a aula de **4ºEI co ilustrador Leandro Lamas**, pero a causa da pandemia quedou pendente para este curso.

O **obxectivo xeral** do que parte o proxecto é o de:

“Achegar a cultura literaria en lingua galega aos nenos e nenas partindo do estudo das persoas que interveñen nela”.

Os **obxectivos específicos** son os seguintes:

- Dende este punto de mira, podemos sinalar os seguintes obxectivos didácticos:
- Promover as bases necesarias para a formación literaria e en especial para a literatura infantil.
- Ampliar os seus horizontes culturais, coñecer e respectar as persoas que crean materiais literarios.
- Exercitar o pensamento, formar lectores críticos, que reflexionen sobre os valores e actitudes que transmiten os libros.
- Desenvolver a capacidade de escoitar, comprender e reter unha mensaxe ou texto oral ou escrito.

- Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de pracer e información, a vez que de enriquecemento persoal.
- Promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.

Este proxecto **está destinado a todo o alumnado de E.I. e E.P.**, xa que o curso que se apadriña un aula, todo o alumnado ten que traballar ese autor ou autora durante ese curso, ademais de seguir traballando co propio padriño ou madriña.

Por outra banda, o proxecto de apadriñamento é acumulativo, polo tanto, as aulas apadriñadas seguirán traballando a través de distintas actividades aos seus padriños e madriñas correspondentes.

A **temporalización deste proxecto é anual**, xa que durante o curso trabállase sobre o padriño ou madriña do curso presente, e despois do festival das Letras Galegas faise un “Acto de Apadriñamento/Amadriñamento” onde todo o alumnado mostra os traballos realizados. E o padriño ou madriña de aula diríxese ao alumnado dando un pequeno discurso.

ACCIÓNS, MEDIDAS E ACTUACIÓNS CONCRETAS

Ao comezo de curso entre todo o claustro elíxese o padriño ou madriña de aula para ese ano e a aula destinataria.

Posteriormente desde o **equipo de biblioteca** faise unha selección de libros, organizándoos por ciclos para que cada titor ou titora elixa o que vai traballar na aula. Na guía de lectura de Nadal recoméndase agasallar aos nenos e as nenas o libro recomendado para cada curso.

Durante o segundo trimestre, cada aula le o seu libro e prepárase un traballo que pode ser audiovisual, unha obra de teatro, artístico, musical, etc. e no “acto de apadriñamento/amadriñamento” expóñense todos os traballos diante do padriño ou da madriña.

Durante o acto de apadriñamento, o alumnado mostra todos os seus traballos ao padriño ou madriña. Ao rematar a aula apadriñada entrégalle unha ilustración feita polo ilustrador da zona Ignacio Fernández. E o autor ou autora deixan unha dedicatoria para os seus afillados e afilladas que enmarcamos cunha foto e colgámola na entrada da aula correspondente.

AVALIACIÓN

Valórase o recoñecemento das obras en galego e o achegamento do alumnado aos autores.

O traballo nas aulas é a identidade dos autores. Os nenos e as nenas recoñecen unha persoa a través do traballo feito durante o curso.

O resultado do traballo feito ao longo do curso é a participación en actividades colectivas, traballo cooperativo e esforzo individual.